



CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERIA DA DEPUTACION PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, ADSCRITA A UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA A REALIZACION DAS PRACTICAS CLINICAS DOS ALUMNOS DA TITULACION DE ENFERMERIA.

En Santiago de Compostela, a 18 de Decembro de 2009


REUNIDOS

DUNHA PARTE, Dna. M^a Pilar Farjas Abadía, Conselleira de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, Reguladora da Xunta e do seu Presidente, modificada pola Lei 11/1998, de 20 de outubro, e de conformidade co Decreto 310/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidad, e de conformidade co establecido na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de Transparencia e Boas Prácticas na Administración Pública Galega, así como na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.



DOUTRA PARTE, o Ilmo. Sr. D. Rafael Louzán Abal, na súa condición de Presidente da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra e do Patronato Rector da Escola Universitaria de Enfermería, actuando en virtude das competencias que lle atribúen o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e



eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e a tal efecto


EXPOÑEN

I.- O Servizo galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á Consellería de Sanidade desde a súa creación pola Lei 1/1989 de 2 de xaneiro, tem entre as súas funcións a xestión das prestacións sanitarias e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos ao mesmo, así como o desenvolvemente de programas de docencia que lle sexan encomendados pola Consellería, dentro da súa competencia, ou que sexan necesarios para os seus fines

II.- No Hospital Provincial de Pontevedra ven funcionando, dende o ano 1974, unha Escola de Axudantes Técnicos Sanitarios, hoxe transformada en Escola Universitaria de Enfermería, creada por acordo do Consello de Ministros de 10 de novembro de 1978, impartindo actualmente as súas clases nas prantas 4ª e 5ª do Hospital Provincial con entrada pola rúa de Joaquín Costa.

A Escola ten personalidade xurídica propia, rexendose polos correspondentes estatutos aprobados pola corporación provincial en sesión de 30 de xaneiro de 1979 e publicados no Boletín Oficial da Provincia de 26 de abril.

A Escola está adscrita a Universidade de Vigo.



III.- Desde a súa creación a Escola de Enfermería e as Institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde da area norte de Pontevedra, veñen colaborando na formación práctica e clínica dos alumnos de enfermería.

IV.- A Lei Xeral de Sanidade de 25 de abril de 1986 e a Lei orgánica 6/2001 de 21 de decembro preveen a colaboración entre as Universidades e as Institucións Sanitarias, orientada a conseguir a utilización da estrutura asistencial do sistema sanitario na formación docente dos profesionais sanitarios, establecéndose na orde de 31 de xullo de 1987 os requisitos os que se refire a base 3.1 do artigo 4 do RD 1558/86 de 28 de xuno que regulan as bases xerais do réxime de concertos Universidade-Institucións Sanitarias.

En cumprimento destes mandatos, por orden de 20 de decembro de 2001, a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde subscribiron un concerto de colaboración para a utilización das Institucións Sanitarias na investigación e docencia universitaria.



V.- Os obxetivos xerais dese concerto son non só asistencias, senón tamén docentes e de investigación, estando orientada a colaboración de xeito especial a formación dos alumnos de calquera dos tres ciclos universitarios e de estudos de postgrado naquelas titulacións e materias relacionadas coas Ciencias da saúde.

VI.- Na especificación terceira do citado concerto inclúese, a disposición dos fines do mesmo, a consideración de institución sanitaria asociada ao Complexo Hospitalario de Pontevedra.




VII.- Coa finalidade de adecuar os estudos de enfermmería ás directrices da Comunidade Europea, a Universidade de Vigo estableceu unhas normas, aprobadas en Consello de Goberno de 5 de marzo de 2008, para a adecuación académica dos plans de estudio que se desenvolverán en catro cursos en vez dos tres actuais.

Este cambio de plan de estudos aconsella reforzar o marco de colaboración que se ven desenvolvendo co Complexo Hospitalario de Pontevedra, Hospital do Salnés, e Centros de Atención Primaria da area norte de Pontevedra, suscribindo un novo convenio co obxectivo final de mellorar a calidade da formación dos alumnos de enfermmería cooperando así a unha mellor atención sanitaria e un progreso social da comunidade.


E a tal fin, as partes firmantes suscriben o presente convenio con suxección as seguintes

CLÁUSULAS



Primeira.- O presente convenio ten como obxecto a colaboración entre ambas Entidades para a formación teórica, práctica e clínica dos alumnos da Escola Universitaria de Enfermería de Pontevedra, promovendo a utilización dos recursos materiais e humanos, así como as infraestructuras disponibles no desenvolvemento das actividades docentes, asistenciais e investigadoras.

En concreto, este convenio ten como obxetivos xerais os seguintes:

- 
- Promover a máxima utilización dos recursos humanos e materiais que se concertan para a formación clínica e sanitaria dos alumnos.
 - Cooperar para que as investigacións e ensinanzas universitarias poidan ser utilizadas na mellora constante da atención sanitaria, preservando

en todo momento a unidade de funcionamento asistencial da Institución Sanitaria.

c) Potenciar na medida do posible a investigación no campo da ciencia da saúde, estimulando as vocacións investigadoras.

Segunda.- Para o cumprimento de obxetivos previstos neste convenio, e tendo en conta o número de alumnos que realizarán o período práctico-clínico nos centros asistenciais mencionados, o SERGAS facilitará a formación integral poñendo a disposición de esta finalidade os medios humanos e materiais oportunos.

Terceira.- En cada centro asistencial ou unidade administrativa onde se leve a cabo a formación práctica designaranse, por procedemento determinado pola Escola de Enfermería, entre profesionáís do SERGAS e dacordo coa Dirección do Centro correspondente, títos con titulación académica suficiente, baixo cuxa supervisión realizarán as prácticas os estudantes, e que velará polo cumprimento do seu plan de formación.

Así mesmo, elaborarán os informes evaluativos individualizados das actividades e competencias alcanzadas por cada un deles de conformidade coas guías docentes das correspondentes asignaturas.

As prácticas clínicas desenvolveranse o longo do curso académico, de acordo co calendario escolar establecido pola Universidade de Vigo e adaptado os horarios lectivos do centro.

O alumnado estará suxeito á duración, calendario, horario, lugar e actividades establecidos. Aplicaranse dilixentemente ás tarefas encomendadas e gardarán sigo sobre as tarefas que estean realizando durante o seu período de prácticas.

Dado o carácter formativo das prácticas, os alumnos e alumnas non poderán asinar nin asumir responsabilidades nin realizar actuacións que requiran cualificación profesional.

En caso de falta de asistencia do alumno, interferencia coa labor asistencial ou outras causas relacionadas co incumprimento do mencionado compromiso así o aconsellen, o Centro ou Unidade o pondrá en coñecemento da Dirección da Escola de Enfermería para que adopte as medidas oportunas. Caso de non adoptarse éstas, e/ou persistencia do alumno nos ditos feitos, o centro poderá impedir o acceso do mesmo ás súas dependencias.

O número de alumnos que leven a cabo as prácticas determinarase en relación coa capacidade asistencial e docente.

Cuarta.- A subscripción do presente convenio non implicará relación laboral de ningún tipo entre as persoas, profesionais ou alumnos dependentes da Escola de Enfermería que desenvolvan as actividades que constitúan o obxecto do convenio co Complexo Hospitalario de Pontevedra, Hospital do Salnés, e Centros de Atención Primaria da área Norte de Pontevedra, de tal xeito que por este concepto non se poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde non se fan responsables dos accidentes ou enfermidades que o alumno puidese padecer no transcurso das prácticas, nin tampouco dos danos que puidese ocasionar durante ditas prácticas a persoas ou bens. Os riscos que poideran sufrir un alumno en prácticas estará cuberto polo correspondente seguro escolar, e dun seguro de responsabilidade civil que a Universidade de Vigo ten suscrito para tódolos alumnos da Universidade.

No caso dos maiores de 28 anos, aos que non cobre o Seguro Escolar, imprescindible contar cunha póliza de seguro para o período de prácticas. Os gastos da devandita póliza correrán a cargo da Escuela de Enfermería – Universidade Vigo. A non adecuada acreditación destes seguros suporá a imposibilidade para o estudante de realización das súas prácticas.

Quinta.- Para o desenvolvemento e execución do presente convenio así como para a coordinación das actividades a realizar, constituirase unha comisión de coordinación, que estará integrada por dous membros de cada entidade, que propondrá a adopción de acordos específicos para resolver as cuestións que poidan plantexarse.



Os integrantes da comisión serán designados polos Xerentes do Complexo Hospitalario, Hospital do Salnés e de Atención Primaria da Área Norte de Pontevedra e o Director da Escola de Enfermería.

A comisión reunirse dentro do prazo de tres días a contar da petición expresa realizada por calquera delas, na sede do Organismo requerido.

Sexta.- As partes asinantes do presente convenio comprométense a resolver de maneira amistosa calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio. Non obstante, en caso de desacordo, a Consellería de Sanidade resolverá as distintas cuestións que foran obxecto de diverxencia. A devandita resolución poderá ser impugnada ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

Séptima.- Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total o parcial das súas cláusulas.



- A petición formal de anulación do mesmo, sempre e cando se fundamente en deficiencias de funcionamento que resulten ser irresolubles.

O presente convenio entrará en vigor na data do seu asinamento, e terá unha duración de dous anos. Non obstante, o convenio prorrogarse automaticamente por periodos anuais, agás que unha das partes manifeste á outra a súa vontade de non prorrogalo, con al menos 11 meses de antelación á finalización do seu periodo máximo de duración ou de calquera das súas prórrogas.

Séptima.- O convenio rexirase polas cláusulas do mesmo, pola Lei 30/1992 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e demais normas que sirvan de aplicación, de xeito especial as correspondentes a Lei Xeral de Sanidade e as establecidas sobre concertos entre universidades e Institucións Sanitarias.

En proba de conformidade as partes que interveñen asignan o presente convenio por duplicado no lugar e data reseñada no seu encabezamento.

Pola Escola Universitaria de
Enfermería,

Rafael Louzán Abal

Polo Servizo Galego de Saúde

M^a Pilar Farjas Abadía

